

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 30 DE DECEMBRO DE 2016

LICENZAS

2.- Dar conta da resolución do Tribunal Administrativo Central de recursos contractuais relativa ao recurso especial de contratación presentado contra a adxudicación do servizo corporativo de Telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e Servizo de Centro de Atención ó Usuario (CAU) do Concello de Santiago de Compostela. Dáse conta da resolución relativa ao recurso presentado por R Cable y Telecomunicaciones de Galicia contra o acordo de adxudicación da Xunta de Goberno de 23 de setembro de 2016 do Servizo Corporativo de telecomunicacións e Servizo de Centro de Atención ao Usuario do Concello de Santiago.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á imposición dunha sanción á empresa concesionaria do servizo de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo. Acórdase impoñer á empresa Kapsch Trafficom Transportation SA (Antes Telvent) unha sanción de 3.005,06 euros pola infracción de carácter grave cometida na execución do seu contrato, ao incumprir a obriga recollida no prego técnico do servizo de verificar as tomas de terra das instalacións con telurómetro cada tres meses, corrixindo as que non cumpran os valores que non estean de acordo coa normativa.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á subsanación dun erro aritmético no acordo da sesión de 18.11.16, relativo á prórroga do contrato do "Servizo de conservación e mantemento do Parque de Brandía no Concello de Santiago de Compostela reservado a Centros Especiais de Emprego (D.A. 5ª TRLCSP). Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao traspaso da caseta da Praza de Abastos núm. NC/203, da titularidade de dona ELVIRA CASTRO ARGIBAY, a favor de dona CANDELARÍA PÉREZ ROMA. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación da achega municipal á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras SL, da anualidade 2016, e o recoñecemento da obriga correspondente. Apróbase a achega á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras (Uninova) polo importe de 20.609 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a USC para o programa de formación, difusión e promoción do voluntariado, a participación social e a cooperación na comunidade universitaria. Dase conta do convenio, que supón unha achega do Concello de 10.000 euros.

8.- Xustificación do convenio asinado con data de 30 de xuño de 2015 entre o Concello e a Fundación Eugenio Granell para o ano 2015. Apróbase a xustificación do convenio, que supón unha achega do Concello de 130.000 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ás obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista

Alegre (fase III). Acórdase a suspensión temporal parcial das zonas afectadas polo retranqueo da Media Tensión na rúa Santa Comba (entre os cruces coa rúa San Xoán e Bispo Diego Peláez) e pola execución das obras do túnel na rúa Noia (entre os cruces coa rúa Boiro e Santa Comba). Acórdase tamén a ampliación do prazo para o resto da obra, establecendo como nova data de finalización o 27 de marzo de 2017.

10.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Tempo con Xeito. Apróbbase o convenio de colaboración, que non supón custos económicos para o Concello.

11.- Proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento dunha Comisión Técnica para o control da execución do contrato de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas. Apróbbase a proposta.

12.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Servizo de Conservación e mantemento das instalacións do Túnel sito na rúa do Hórreo en Santiago de Compostela". Apróbbase a proposta.

13.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Obras de mellora e acondicionamento de viario no Eixo (San Cristovo), incluídas no POS 2013 da Excm. Deputación Provincial da Coruña". Apróbbase a proposta.

14.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Servizo de confección dunha Auditoría Enerxética das edificacións ou instalacións municipais do Concello de Santiago". Apróbbase a proposta.

15.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela". Apróbbase a proposta.

16.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa dando conta da sinatura dos convenios de colaboración en materia das festas do Apóstolo 2016. Dase conta dos convenios de colaboración asinados para as festas do Apóstolo coas entidades El Corte Inglés, CC As Cancelas, Hijos de Rivera, Gadisa e Coca-Cola Iberian Partners. Iníciase o expediente de xeración de crédito correspondente, pola contía de 9.000 euros.

17.- Execución de sentenzas.

_Acórdase o cumprimento da sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Santiago, relativa á construción do parque comarcal de bombeiros de Salgueiriños, para abonar á construtora Extraco 1.0118.205,39 euros.

_Acórdase anular os acordos de Xunta de Goberno de 23/05/2013 e 26/09/2013 de adxudicación do servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria, en cumprimento da sentenza ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago, e retrotráese o procedemento a fin de que se dite resolución de adxudicación motivada que ofrezca unha xustificación mínima de cada un dos factores valorados como mellora. Acórdase que continúe a producir efectos o contrato declarado nulo e que a empresa UTE Ferrovial Servicios e Ferroserv Servicios Auxiliares continúe coa xestión do servizo ata que o Concello dite unha nova resolución de adxudicación. Nese momento cumprirá decidir, se é o caso, sobre a liquidación do contrato.

21.- Aprobación de liquidacións do transporte urbano municipal. Elévase a definitiva a liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa Tralusa correspondente ao ano 2015, por importe de 3.531.527,69 euros.

22.- Aprobación do reaxuste de anualidades do contrato de do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos e elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do concello. Apróbbase o reaxuste de anualidades no importe da adxudicación do servizo, que quedan fixadas da seguinte maneira:

_Anualidade de 2016: 294.197,92 euros, IVE incluído

_Anualidade de 2017, 2018 e 2019: 504.339,29 euros, IVE incluído

_Anualidade de 2020: 210.141,37 euros, IVE incluído

23.- Dar conta dunha solicitude de intereses de demora. Dáse conta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao proxecto de reforma da cuberta e mellora da instalación de iluminación do polideportivo Monte dos Postes. Apróbase o proxecto técnico elaborado polos arquitectos Terán y Blanco, Taller de Arquitectura, para a posterior contratación da obra. O orzamento de execución da contrata é de 188.630,25 euros, IVE incluído, e o prazo de execución é de 45 días hábiles.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativo á prórroga do contrato para xestionar o servizo da liña de transporte colectivo urbano de viaxeiros, que comunica o centro de Santiago coa Peregrina e con extensións a Ponte Alvar. Apróbase a prórroga do contrato asinado con Autos Carballo polo prazo dun ano, a contar dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á prórroga do contrato para xestionar o servizo da liña de transporte colectivo urbano de viaxeiros que comunica o centro de Santiago con Reborido (Vilvestro). Apróbase a prórroga do contrato asinado con Hermanos Ferrín polo prazo dun ano, a contar dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

4.-Proposta da alcaldía relativa ao reparto individualizado do complemento de produtividade. En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno da corporación acórdase asignar individualmente a cada un/unha dos empregados municipais a cantidade que en cada caso se reflicte como complemento de produtividade, por un importe total de 289.383,36 euros.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión da licenza solicitada polo Consorcio para a execución das obras de eliminación de barreiras arquitectónicas no lousado da rúa San Francisco. Acórdase conceder a licenza para executar as obras, cun orzamento de execución de 16.182,25 euros.

6.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa ao pago de bolsas de comedor e de actividades extraescolares do mes de decembro de 2016. Apróbase o pago de bolsas de comedor por un importe total de 28.781,34 euros e o pago de bolsas de actividades extraescolares por un importe total de 6.210,05 euros.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ás instrucións sobre criterios aplicables en materia de cabida, ocupación e capacidade de evacuación de establecementos públicos e sobre criterios aplicables en materia de medidas cautelares de peche, iniciación de procedementos sancionadores, tipificación de infraccións e determinación de sancións con relación a establecementos públicos de actividades de lecer. Apróbase a proposta.

8.-Dar conta da resolución do 15 de decembro de 2016 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se resolven as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade. Dáse conta da concesión dunha subvención de 45.000 euros para o desenvolvemento do programa de apoio aos Centros de Información ás Mulleres